III XORNADA

Divulgación en Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

EXXPERIMENTA
en feminino



Mércores, 12 de febreiro
09.30 - 19.00 h
Campus de Ourense
(Edificio Politécnico)

Universida de Vigo

Campus de Ourense Campus da Auga | Facultade de Ciencias | Escola de EnfermEría | Escola Superior de Enxeñaría Informática | Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo | Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES | FECYT FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA

III XORNADA

Divulgación en Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

EXXPERIMENTA *en feminino*

Mércores, 12 de febreiro
09.30 - 19.00 h
Campus de Ourense
(Edificio Politécnico)

Universidade Vigo

III Xornada de Divulgación en Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

Destinatarios: colexios e institutos da provincia de Ourense
Data: mércores 12 de febreiro de 2020
Hora: 09.30 a 19.00 h
Lugar: Campus de Ourense (Edificio Politécnico)

Programa

09.30 h	Recepción e entrega de documentación aos asistentes (Aula Magna)
09.50-12.00 h	Visita interactiva aos stands en grupos reducidos
12.00-12.30 h	Descanso/monólogo científico
12.30-14.00 h	Visita interactiva aos stands en grupos reducidos
14.00-15.30 h	Pausa de mediodía
15.30-17.00 h	Continuación da visita interactiva aos stands en grupos reducidos
17.00-17.15 h	Entrega dos premios do IV Concurso de Redacción e Debuxo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia
17.15-17.30 h	Descanso/Monólogo científico
17.30-19.00 h	Continuación da visita interactiva aos stands en grupos reducidos
19.00 h	Clausura

Contacto

Correo electrónico: exxperimentaenfeminino@uvigo.es

Actividades

Vendo o invisible (Grupo MundoMICRO, Microbioloxía)
- Veremos microorganismos da auga mediante microscopía e cultivo
- Presentaremos os nosos compañeiros invisibles para ben e para maL
- Falaremos dos problemas do uso de antibióticos e da xeración de resistencias a estes

Quimirizando: Química&Valorización (Grupo BioMACRO, Enxeñaría Química)
Na busca do valor oculto da biomasa
- Contra o envellecemento celular: antioxidantes naturais e hidroxeles
- Alimentando o noso segundo cerebro: obtención de prebióticos
- MegaBlocks: obtención de compostos base para a enerxía do futuro

A maxia do solo (Grupo TERRA, Xeografía, Edafoloxía e Química Agrícola)
- Pequenos experimentos que amosan as propiedades do solo

A cor na ciencia (Grupo COLORCHEM, Nutrición e Bromatoloxía)
- Separación de colorantes alimentarios
- Crea o teu arco da vella nunha botella

FunSuperestructuras (Grupo Laboratorio de Bioquímica, Nutrición e Bromatoloxía)
Programaremos actividades para mostrar como son e como funcionan os enzimas, catalizando reaccións presentes na vida cotiá e mellorando procesos na industria. Así mesmo mostraremos como se buscan novos enzimas con novas funcións

Resolvendo o quebracabezas do clima (Grupo Ephyslab, Física da Terra)
Programaremos actividades para mostrar algunhas curiosidades da meteoroloxía e da oceanografía e algúns dos efectos que ocasiona o cambio climático
- Como se forman as nubes?
- Entenderemos as correntes oceánicas

Que é o que?: Descubrindo a orixe dos produtos apícolas (Grupo Bioloxía vexetal)
- Orixe botánico de meles e pole

Tecnoloxía culinaria (Grupo TEC-AL, Tecnoloxía dos Alimentos)
Que é a cociña senón un laboratorio onde teñen lugar un gran número de reaccións químicas, físicas e biolóxicas que dan lugar a novas formas, aromas, sabores e texturas?
Programaremos actividades para ofrecer unha visión panorámica da ciencia e da tecnoloxía culinaria de forma práctica e divertida

Contra Efecto Matilda (Grupo Enxeñaría Aeroespacial)
Como voa un avión? A aerodinámica dos avións: simulación nun túnel de vento

Construíndo moléculas (Grupo S3, Química Orgánica)
Química en Criminoloxía
- Recreación do afundimento e explosión do buque Cason
- Buscando evidencias incriminatorias con luminol
- Captura de culpables

Comer con ciencia (Grupo NutriCiencia, Nutrición e Bromatoloxía)
- Onde se esconde o azucre nos alimentos?

Que fiambre prefires no bocata? (Grupo Sensociencio, Nutrición e Bromatoloxía, Química Analítica e Química Física)

- Proba varios fiambres. Cal prefires?
- Fai a proba do almidón.
- Compara a análise sensorial coa química.

Ti podes programar! (Grupo Informática, Linguaxes e Sistemas)
Aprenderemos a programar con ferramentas sinxelas que permitirán crear pequenos videoxogos ou dirixir avatares

Saúde e Ciencia (Grupo Enfermería)
- Coñeces o teu grupo sanguíneo?
- Canto ar tes nos teus pulmóns?
- Lavas ben as túas mans?
- Sabes que podes salvar unha vida?